



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación coa extremada urxencia do arranxo dunha rúa en Parte al Río-Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de *Parte al Río*, na parroquia de Carreira hai un tramo de rúa duns 300 metros de lonxitude, que da acceso a cinco vivendas, nunha das cales reside un veciño con dependencia que ten que desprazarse en cadeira de rodas porque logo de sufrir un accidente padece unha tetraplexía.

Fai xa máis de un ano que ocorreu o lamentable suceso, e dende aquela a rúa faise intransitable para a cadeira de rodas. En múltiples ocasións os familiares e veciños demandaron ante este Concello o arranxo da mesma recibindo sempre por resposta o asentimento, pero a día de hoxe o problema sigue sen solucionarse.

Son os familiares do veciño os que a diario teñen que facer un sobreesforzo, véndose obrigados a trasladar a cadeira de rodas ata un tramo accesible e ó mesmo tempo estar pendentes das saídas e chegadas do mozo porque é necesario que alguén o axude, coartándolle así a súa liberdade. O esforzo que esta familia ten que facer é insostible e podería aliviarse en certo xeito arranxando esa parte da rúa e facéndoa transitable, ó mesmo tempo que se daría paso ó cumprimento dunha obrigada normativa de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas e do desenvolvemento da mesma Lei de Dependencia.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal coa máxima urxencia posible se proceda ó arranxo da devandita rúa.

Ribeira, 26 de outubro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA